Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
LUNS, 27 DE MARZO DE 2023 | LUNES, 27 DE MARZO DE 2023 | BOP NÚMERO 59

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Bases específicas de bolsas de emprego con carácter interino para postos de psicólogo da escala de administración especial, subescala técnica

Polo Decreto desta Alcaldía núm.534/2023, do 21 de marzo, aprobáronse as seguintes bases de convocatoria de selección de persoal:

BASES ESPECÍFICAS BOLSAS DE EMPREGO CON CARÁCTER INTERINO PARA POSTOS DE PSICÓLOGO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA

1ª.- OBXECTO.- Estas bases específicas teñen por obxecto a regulación dos aspectos particulares do proceso de selección para a formación dunha bolsa de emprego de interinos para cubrir prazas vacantes de persoal funcionario ou calquera das situacións contempladas no art. 10 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, ou contratacións temporais de carácter laboral do art. 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, así coma para substitucións por vacacións ou permisos do persoal psicólogo, da escala de administración especial, subescala técnica, en todo aquelo que non estea previsto nas "BASES XERAIS PARA ELABORAR BOLSAS DE EMPREGO CON CARÁCTER INTERINO PARA POSTOS DE PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL DO CONCELLO DURANTE O 2023", aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 15 de marzo de 2023. (BOP núm.57, do 23-03-2023).

O órgano competente da Corporación poderá adscribir ós/ás aspirantes nomeados/as, través do correspondente procedemento regulamentario, a calquera posto de traballo que, de acordo co seu grupo de titulación, teña asignadas funcións propias desta categoría profesional.

2ª.–REFERENCIA DO PROCESO SELECTIVO: PBE 01-2023.

3ª.–VIXENCIA DA BOLSA.

A vixencia desta bolsa é de tres anos, prorrogables por outros 3, dende a súa aprobación por resolución do alcalde que se publicará no taboleiro e na sede electrónica municipal.

4ª.–CARACTERÍSTICAS DAS PRAZAS.

a) Denominación da praza: Psicólogo.

b) Escala de administración especial, subescala técnica

c) Grupo de clasificación: A subgrupo A1.

d) Tipo de relación xurídica: persoal funcionario interino/laboral temporal.

5ª.–SISTEMA SELECTIVO.

De conformidade co previsto nas bases xerais aprobadas por este Concello de Sada, o sistema selectivo será o de oposición.

6ª.–TITULACIÓN ESIXIDA PARA O ACCESO Á PRAZA.

- Estar en posesión do Título de Grao universitario ou licenciatura universitaria en Psicoloxía, ou outro título equivalente de conformidade coa normativa de aplicación. As equivalencias deberán acreditarse mediante certificado da Administración competente (no caso de comunitarios ou estranxeiros a titulación haberá de estar convalidada polo Órgano competente).
- Estar en posesión do título CELGA 4 ou outros títulos oficiais equivalentes. No caso de non acreditalo realizarase unha proba conforme ao establecido na base 8ª.

Número de anuncio 2023/2092

7ª.- SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN.

Ás solicitudes de participación achegarase a documentación sinalada na base cuarta das Bases Xerais e axustaranse ao modelo que está a disposición na seguinte ligazón: https://www.sada.gal/ga/a-un-click/impresos ou que se lles facilitará nas dependencias municipais.

O prazo é de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación na sede e/ou no BOP.

8ª.- PROCESO SELECTIVO. OPOSICIÓN.

1.–Fase de oposición.

As probas selectivas que deberán superar as persoas aspirantes á praza á que se refiren estas bases específicas son as seguintes de carácter obrigatorio e eliminatorio:

PRIMEIRO EXERCICIO, teórico: consistirá en contestar durante un período máximo de 30 minutos un cuestionario formulado polo Tribunal inmediatamente antes do seu comezo e baseado no temario completo (parte xeral Anexo I das bases xerais e base 9.ª das específicas). Estará composto por vinte preguntas con catro respostas alternativas, sendo só unha delas correcta. Cada resposta correcta puntuará 1 punto, as respostas deixadas en branco non puntuarán e cada pregunta incorrecta restará 0,5 puntos. A cualificación máxima é de 20 puntos.

SEGUNDO EXERCICIO, práctico: realización dun suposto práctico relacionado coas materias específicas do temario. En función da maior ou menor complexidade do exercicio, o Tribunal determinará antes do seu inicio o tempo máximo para a súa realización, con carácter xeral para todos os aspirantes. No anuncio de convocatoria deste exercicio, o Tribunal determinará os medios materiais dos que deberán, ou poderán, ir provistos os aspirantes para a súa realización. Puntuación máxima 30 puntos.

- Nos exercicios obrigatorios e eliminatorios e deberá acadarse unha puntuación mínima da metade da puntuación total asignada nestas bases a cada un deles para a súa superación.
- Se o Órgano de selección, de oficio ou en base as reclamacións, que os aspirantes poidan presentar nos dous días hábiles seguintes á publicación das cualificacións dos exercicios, anulase algunha/s das preguntas incluídas nun exercicio, anunciarao publicamente no taboleiro de Anuncios do Concello.

Contra tal acordo poderá interporse recurso de alzada, consonte ao disposto no artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2. Puntuación total.

A cualificación final de cada aspirante será a resultante da suma das cualificacións de cada un dos exercicios obrigatorios e eliminatorios.

3. Exame de galego.

Respecto a acreditación do idioma galego, de non acreditarse co título esixido na base 4.º realizarase unha proba de nivel ás persoas aspirantes que superaran os exercicios da fase de oposición, puntuándose coma apto ou non apto e debendo acadarse para aprobar a cualificación de apto.

9º.- PROGRAMA TEMARIO DE MATERIAS ESPECÍFICAS.

19.- Concepto de avaliación psicolóxica. Modelos de avaliación psicolóxica. Técnicas e procedementos básicos da avaliación psicolóxica.

20.- A entrevista psicolóxica como instrumento de avaliación e diagnóstico. Modelos teóricos e metodoloxía da súa aplicación nos diferentes ámbitos da intervención.

21.- O informe psicolóxico. Aspectos xerais. Tipos. Estrutura básica.

22.- A discriminación de xénero: muller e discapacidade. Muller e terceira idade. Muller e inmigración. Muller e minorías étnicas.

23.- Tipos de violencia. Violencia verbal e psíquica. Violencia simbólica. Violencia e medios de comunicación.

24.- A violencia contra as mulleres: orixe, concepto tipoloxía e consecuencias. O ciclo da violencia.

25.- A violencia contra as mulleres: avaliación e intervención psicolóxica con mulleres que sofren violencia de xénero.

26.- Maltrato e abuso sexual infantil. Prevención, detección e intervención psicosocial. Indicadores psicolóxicos. Modelos de intervención.

27.- Acoso sexual e agresión sexual. Intervención básica en casos de agresión sexual.

Número de anuncio 2023/2092

28.- O embarazo e a maternidade na adolescencia. Consecuencias. Prevención. Necesidades dos pais e das nais adolescentes.

29.- Educación sexual e educación para a saúde.

30.- O acoso Moral. Tipos e características básicas. Os celos. Orixe. Desenvolvemento. Características básicas.

31.- A intervención psicolóxica. A psicoterapia. Características básicas.

32.- Habilidades básicas da/o psicoterapeuta. O uso da linguaxe en psicoterapia.

33.- Adestramento en habilidades sociais. Técnicas para vencer a manipulación nas relacións. A asertividade.

34.- A toma de decisións. Como se aprende, como se ensina. Autoestima e superación. Técnicas para a súa mellora.

35.- A intelixencia emocional. A tensión emocional. Estrés. Definición. Causas. Tipos, síntomas. Consecuencias. Como combater o estrés.

36.- Ansiedade e pánico. A depresión. Definición. Tipos. Intervención. Recomendacións básicas.

37.- Técnicas de relaxación. Aplicación. Métodos.

38.- Terapia breve, intervención en crise, como método de intervención social.

39.- A intelixencia. Concepto. Principais teorías. A intelixencia xeral. As aptitudes ou factores. A evolución da intelixencia.

40.- Técnicas de modificación da conduta. Terapia cognitiva. Técnicas de autocontrol.

41.- O dó; asesoramento psicolóxico. Tipos de perdas. Ruptura familiar. Proceso e intervención.

42.- Recursos e servizos municipais de atención ás mulleres vítimas de violencia de xénero e persoas delas dependentes no Concello de Redondela.

43.- O Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.

44.- Os plans de igualdade no ámbito municipal. Marco normativo. Fases para a súa elaboración. Plan de Igualdade no Concello de Redondela.

45.- A Lei 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e a Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas de violencia doméstica.

46.- A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Axudas periódicas de apoio ás mulleres que sofren violencia de xénero.

47.- Orde do 1 de abril de 1997 pola que se regulan os requisitos específicos que deberán reunir os centros de acollida para mulleres vítimas de violencia de malos tratos. A rede galega de acollemento para mulleres que sofren violencia de xénero.

48.- A muller e a saúde. Necesidades e demandas específicas.

49.- Bases teóricas da prevención de drogodependencias. Teorías e modelos explicativos útiles para a prevención. Os programas de prevención familiar.

50.- Drogodependencias. Clasificación das Drogas. Aspectos Sociais. Recursos e Servizos.

51.- O Plan de Galicia sobre Drogas.

52.- Concepto de dependencia. A atención psicosocial a persoas dependentes. A atención a familias coidadoras de persoas dependentes.

53.- Inadaptación social: concepto e proceso. A delincuencia xuvenil: concepto e teorías criminolóxicas.

54.- O maltrato infantil: concepto e tipoloxía. Modelos explicativos. Consecuencia no desenvolvemento da/o menor. Prevención, valoración e intervención.

55.- Os servizos sociais no ámbito local: Competencias das entidades locais en materia de servizos sociais segundo a Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

56.-Marco competencial autonómico dos servizos sociais: Lei de servizos sociais de Galicia. Estrutura, niveis de atención, equipo profesional de Servizos Sociais. Profesional de referencia.

57.-. Decreto 99/2012 do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. Conceptos xerais.

58.- Convenio programa para o desenvolvemento para as prestacións básicas de servizos sociais nas corporacións locais. Principios xerais do Plan Concertado.

Número de anuncio 2023/2092

59.-A Ordenanza do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Sada.

60.- A Ordenanza reguladora da taxa pola recepción de atención do servizo de axuda no Fogar do Concello de Sada.

61.-A Historia social única: o Decreto 89/2016, do 30 de xuño, polo que se regula a creación, uso e acceso a historia social única electrónica.

62.- Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Acollemento familiar na Comunidade Autónoma.

63.-. Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia. Principios rectores e familias de especial consideración respecto á lei.

64.- O sistema español de Seguridade Social: pensións contributivas. Pensións non contributivas. As incapacidades e prestacións. O Ingreso Mínimo Vital.

65.- A situación de desemprego. Integración laboral e social. Os subsidios de desemprego.

66.- Lei 10/2013 do 27 de novembro de Inclusión Social de Galicia e Decreto 14/2019 de desenvolvemento da Lei de inclusión social de Galicia. Definición, persoas beneficiarias, estrutura dos tramos, requisitos xerais de acceso e exencións.

67.- Dereito de familia: matrimonio, filiación, tutela, adopción. Educación sexual e planificación familiar.

68.- Actuacións perante situacións de desprotección social do menor: risco e desamparo. Medidas de protección. Guía de detección do maltrato infantil da Xunta de Galicia.

69.- Colectivos específicos: menores. O papel dos Servizos Sociais. Medidas de protección. Recursos e programas coa infancia e a adolescencia.

70.- Os puntos de encontro familiar en Galicia: regulación no Decreto 96/2014, do 3 de xullo. Obxectivos dos puntos de encontro familiar. Dereitos e deberes das persoas usuarias.

71.- Colectivos específicos: persoas con discapacidade. Procedemento para a valoración e o recoñecemento da discapacidade. Necesidades e recursos das persoas con discapacidade. Programas. Centros de atención a persoas con discapacidade.

72.- Colectivos específicos: persoas maiores. Aspectos sociais do envellecemento. Necesidades sociais das persoas maiores. Recursos. Servizos de apoio.

73.- A Lei 11/2010, de 17 de decembro, de prevención do consumo de bebidas alcohólicas en menores de idade. Medidas de prevención nos diferentes ámbitos. Información e control. Réxime sancionador.

74.-A participación da iniciativa privada nos Servizos Sociais. O Voluntariado Social. O traballador social na xestión do voluntariado.

75.- Contratación administrativa na Administración Local (I). Partes do contrato: órgano de contratación e aptitude para contratar co sector público. Rexistros oficiais. Obxecto, prezo e contía do contrato. Garantías exixibles na contratación do sector público.

76.- Contratación administrativa na Administración Local (II). Preparación dos contratos polas administracións públicas: normas xerais. Adxudicación dos contratos das administracións públicas.

77.- Contratación administrativa na Administración Local (III). Efectos dos contratos. As prerrogativas da administración. Execución e modificación dos contratos. Extinción. Cesión e subcontratación. Réxime de invalidez e recursos.

77.- As subvencións na Lei Xeral de Subvencións e na normativa autonómica. As subvencións locais.

78. Organización municipal específica do Concello de Sada (I): Pleno, Alcalde e Xunta de Goberno Local.

79. Organización municipal específica do Concello de Sada (II): tenentes de Alcalde e concelleiros delegados. Comisións do Pleno e outros órganos complementarios. A Comisión Informativa de contas.

80.- Outras entidades locais. Mancomunidades. Comarcas e outras entidades que agrupen varios municipios. As áreas metropolitanas. As entidades de ámbito inferior ao municipal.

81.- A potestade regulamentaria das entidades locais: ordenanzas, regulamentos e bandos.

82. As ordenanzas e regulamentos municipais do Concello de Sada na área dos servizos sociais.

83.- Xestión dos servizos públicos locais. Formas de xestión.

84.- O persoal ao servizo da Administración Local (I). Integración en escalas, subescalas e clases. Dereitos dos empregados públicos.

Número de anuncio 2023/2092

85.- O persoal ao servizo da Administración Local (II). especial referencia á carreira profesional e promoción interna. Xornada de traballo, permisos e vacacións. Deberes dos empregados públicos; código de conduta.

86.- O persoal ao servizo da Administración Local (III).O Convenio colectivo e o acordo regulador. Seguridade e hixiene no traballo. A Lei de prevención de riscos laborais.

87.- A protección de datos de carácter persoal (I) Normativa reguladora. Principios informadores e dereitos das persoas en materia de protección de datos.

88.- A protección de datos de carácter persoal (II) O tratamento de datos. Dereitos das persoas. Obrigas do Responsable do tratamento.

89.- A protección de datos de carácter persoal (II): no ámbito dos servizos sociais.

90.- O acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos. Normativa de aplicación na Comunidade Autónoma de Galicia. Sede electrónica. Identificación e autentificación. Rexistros, comunicacións e notificacións electrónicas. A xestión electrónica dos procedementos.

_____

O que se publica para xeral coñecemento.

Sada, 21 de marzo de 2023

A Alcaldesa

María Nogareda Marzoa

2023/2092